

## BALANCE DOS PRIMEIROS CEN DÍAS DE GOBERNO DE COMPOSTELA ABERTA

### ALCALDÍA

- Na liña de recuperar a confianza dos composteláns na institución achegámonos ata os barrios da cidade para manter encontros coas Asociacións de Veciños e detectar as principais problemáticas. (Camiño das Fontiñas, Casa Agraria de Meixonfrío, Sandra Prego Rial da Pontepedriña, Monte de Deus de Vite de Arriba, Guadalupe, Angrois...)
- Buscamos solucións para problemas concretos da cidade facendo partícipe ao tecido asociativo e á veciñanza directamente afectada. Así, involucramos aos veciños e comerciantes de Conxo no redeseño da superficie do paso inferior,
- Entrevista coa ministra de Fomento Ana Pastor, para reclamar celeridade no proxecto da segunda fase da estación e garantir a intermodalidade, así como a conectividade entre a AP-9 e a A-54.
- A través do Consorcio adxudicouse o remate das obras do primeiro Centro Nacional de Formación de Referencia en materia de Rehabilitación.
- Establecimos liñas de diálogo co presidente da Xunta, o arcebispo compostelán e o reitor da Universidade de Santiago.
- Encontro coa Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre, a Unión de Consumidores de Galicia, o Consello Reitor da Praza de Abastos, a Cámara de Comercio, a Plataforma polo Emprego, o Foro pola Inmigración
- Encontro cos alcaldes de Ames e Teo, para tratar temas relacionados coa mobilidade ou a remunicipalización dos servizos públicos, sempre no marco da construción da Gran Capital
- Encontro co Santiago Futsal, SD Compostela e o Obradoiro, clubs de referencia no ámbito do deporte profesional.
- Participamos no encontro de “Cidades polo Ben Común” de Barcelona, con urbes como Barcelona, Madrid, Zaragoza, Valencia, Pamplona, A Coruña, Badalona, Cádiz, Alacante,...
- Participamos na homenaxe a Ánxel Casal no 79º aniversario do seu asasinato
- Homenaxeamos a Camilo Díaz Baliño e Isaac Díaz Pardo no Día Nacional de Galicia
- Abrimos as portas do Concello na noite dos fogos do Apóstolo, realizando un sorteo de convites para presenciarlos desde a mesma localización que a representación institucional.
- Convidamos ao movemento veciñal a un acto aberto para celebrar o fin de festas do Apóstolo e presenciar os Fogos Pequenos desde os balcóns do Pazo de Raxoi, e no que interviron os representantes do Consello de Relacións Veciñais.
- Resolvemos a 3º edición do Concurso de proxectos de publicidade comercial en galego.
- Mediación e solución dos conflitos da tratorada e da convocatoria dunha folga de Urbaser,

para paliar as molestias á veciñanza.

## **ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA\_María Rozas**

- Auditoría interna: desde o departamento de intervención do Concello revisouse o estado económico e financeiro das contas do consistorio a data da entrada de CA no goberno. Comprobáronse todos os compromisos económicos adquiridos polo anterior goberno municipal do PP.
- Detectamos que os orzamentos actuais son irrealistas e que están inflados. As contas do PP eran totalmente ficticias, con partidas de gastos vinculadas á venda de parcelas e outros ingresos sen que iniciasen un só trámite.
- Denunciamos o incumprimento do teito de gasto tanto no Concello como en Incolsa o que pode comprometer o futuro económico da institución.
- Procuramos novos recursos económicos por causa do esgotamento de moitas partidas. O goberno do PP gastou en 5 meses o que tiña orzamentado para todo o ano en departamentos como Festas, e deixou algunhas partidas en números vermellos, como a de publicidade en medios de comunicación.
- Avanzamos nos nosos compromisos coa transparencia, publicando trimestralmente o estado das contas do Concello, algo que non se facía ata a chegada de Compostela Aberta ao Pazo de Raxoi.
- Comezamos a traballar nas novas ordenanzas fiscais desde un punto de vista da redistribución e dunha política fiscal máis xusta que teña en conta criterios como o territorial, o uso ou os medioambientais.
- Planificamos o primeiro piloto de orzamentos participativos, co obxectivo de que no próximo ano se poida implantar un cronograma que nos leve ao deseño dunha planificación económica realmente participada pola cidadanía.
- Subscribimos a “Declaración de Zaragoza” en demanda dun sistema de financiamento máis xusto para as administracións locais.

## **ÁREA DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE\_Jorge Duarte**

- Mantivemos múltiples reunións cos veciños antes de poñer en marcha calquera actuación. Froito deses encontros, introducíronse modificacións en obras como a de Quiroga Palacios, para responder ás demandas dos residentes.
- Paralizamos o expediente de derrubamento da Casa da Xuventude, e iniciamos o expediente para darlle un uso sociocultural ao edificio.
- Paralizamos consensuadamente coa veciñanza as obras da FASE 2 de Vista Alegre, reformulamos o proxecto para eliminar barreiras arquitectónicas e procuramos fondos para poder executar a Fase 3.

- Empezamos a elaborar un deseño consensuado cos veciños para a superficie da rotonda de Conxo.
- Asinamos o convenio de mobilidade co concello de Teo e a CMATI para manter o servizo de autobús aos Tilos.
- Puxemos en marcha distintas actividades para celebrar a Semana Europea da Mobilidade.
- Iniciamos as obras do aparcadoiro disuasorio de Pontepedriña, introducindo unha reforma no proxecto para integralo mellor no espazo.
- Desbloqueamos as obras do túnel de Conxo, despois de seis meses de paralización.
- Tomamos a iniciativa política para que Santiago conte cunha verdadeira estación intermodal, que achegue solucións urbanísticas e de mobilidade, e non únicamente ferroviarias.

### **ÁREA DE ACCIÓN CULTURAL\_Branca Novoneyra**

- Por primeira vez, abrimos unha convocatoria de recepción de propostas para o apartado de artes escénicas (teatro, monicreques, danza e circo) do seu programa didáctico. Todas as compañías interesadas deben presentar os seus espectáculos ata o 27 de setembro, e a concellería de Acción Cultural elixirá seis que serán as que se lle ofrezan aos centros escolares. O orzamento é de 25.000 euros, e a selección fará un equipo conformado por dous técnicos do Concello, un representante do sector escénico, e unha especialista en educación artística.
- Puxemos en marcha a 12ª edición do Festival Internacional de Cine Curtocircuíto, no que se poderán ver 40 filmes, dos que 19 son estreia absoluta no estado español. Ademais, haberá máis actividades paralelas de formación, concertos, e charlas con cineastas. Ademais, celebramos dúas Noites Curtas na praza das Pratarías con proxeccións de curtametraxes.
- Adxudicamos a xestión da 29ª edición de Cineuropa e empezamos a preparar o festival que se celebrará en novembro
- Presentamos o Programa de Abono do Auditorio de Galicia-Real Filharmonía de Galicia, que este ano celebra o seu 20 aniversario. Como novidade, a orquestra ofrecerá concertos nos barrios da cidade, e contará coa colaboración de músicos como Cristina Pato ou Julián Rodríguez de Siniestro Total, ou do actor Luis Tosar.
- Iniciamos vías de colaboración coa Xunta para a organización do WOMEX 2016.
  - Desenvolvimos o festival Verán na Rúa no mes de agosto, enchendo de música, teatro, danza, maxia e circo as prazas de San Martiño Pinario e a da Quintana.
- Desenvolvimos a décima edición do Via Stellae, con 19 concertos do 19 de xuño ao 15 de xullo.
- Organizamos os concertos da Banda Municipal de Música, que chegaron aos centros socioculturais.

- Ultimamos as festas do Apóstolo conseguindo unha alta participación de artistas locais, e que todas as actividades foran de balde. Púxose en marcha o programa Artellando, que conseguiu descentralizar as festas, e levalas a lugares nin habituais nin céntricos
- Executamos o programa de verán nos Centros Socioculturais, logrando unha alta participación nas actividades realizadas nos centros de Vite, Conxo, Fontiñas, Santa Mata, A Gracia, Nemenzo e Figueiras.
- Deseñamos a programación de outono dos Centros Socioculturais, que incluírá numerosas novidades.

## **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA\_Xan Duro**

- Participamos no Proxecto Ecópolis, para optar a unha liña de axudas europeas para a recuperación de espazos degradados. Trátase dunha proposta na que participan 10 cidades e 16 centros de investigación europeos.
- Participamos no Proxecto Técnicas de Drenaxe Urbano Sostible xunto con Cetaqua (USC) , Aquology, Viaqua, GEAMA (UDC) e o Consorcio, que pretende presentarse a convocatoria de axudas para programas europeos LIFE (saberemos o resultado en marzo 2016). O obxectivo é o desenvolvemento dunha serie de proxectos piloto para elaborar un novo plan hídrico para a cidade.
- Activamos o proceso de licitación do Centro de Interpretación Ambiental de Compostela no parque de Belvís.
- Iniciamos o estudo para a declaración de Espazos Naturais de Interese Local (Brañas de Sar e Selva Negra)
- Asinamos co Concello de Boqueixón o convenio para o subministro de auga a determinados núcleos de Santiago.
- Iniciamos o estudo para a redacción da nova ordenanza de residuos.
- Recuperamos o proxecto Tropa Verde para fomentar a reciclaxe.
- Iniciamos o estudo de temporalización para a renovación das instalacións e luminarias.
- Recibimos e iniciamos o debate sobre a maqueta do Plan Director de Parques e Xardíns.
- Contratamos a inspección e adecuación á normativa europea dos parques infantís de Compostela
- Iniciamos os corredores verdes do Sar e o Sarela polo espazo das Brañas de Sar, e os Camiños do Tambre.
- Adxudicamos o contrato de mantemento de semáforos e cámaras do túnel do Hórreo
- Iniciamos un novo proceso de licitación para adquisición de vehículos da Policía Local,

despois de quedar deserto o primeiro proceso por defectos de forma.

- Racionalizamos a presenza cerimonial da Policía en actos protocolarios
- Creamos o programa piloto Colecamiños, para que os nenos recuperen o uso do espazo público e vaian camiñando ao colexio.
- Levamos a cabo obras de adecuación para elementos auxiliares na sede dos bombeiros
- Iniciamos o debate da proposta do Plan Director do Corpo de Bombeiros de Santiago 2015-2019 cos mandos e co comité
- Preparamos un convenio de colaboración coa USC, pendente de asinar, para asesoramento en materia de emerxencias e realización de simulacros.
- Mediamos entre traballadores e empresa no conflito de Urbaser.

### **ÁREA DE POLÍTICAS SOCIAIS\_Concha Fernández**

- Deseñamos a Rede Compostelá de Solidariedade coas Persoas Refuxiadas, cunha serie de propostas para acoller ás persoas refuxiadas que marquen as administracións central e autonómica.
- Puxemos en marcha o Programa de apoio socioeducativo verán 2015, dirixido a mozos e mozas de 11 a 16 anos, con grupos de estudo e apoio dirixidos por monitores especializados.
- Desenvolvimos un programa para promover os hábitos de vida saudables mediante a realización e deseño de Grafittis en varias zonas da cidade, do que xurdiu o mural da entrada ao IES Anton Fraguas.
- Desenvolvimos o programa de Promoción do acceso aos recursos municipais, para que o tempo de lecer non sexa un artigo de luxo, e os composteláns poidan desfrutar de forma gratuíta ou bonificada de actividades educativas, culturais e formativas.
- Iniciamos unha liña de colaboración con Stop Desafiuzamentos para que o Concello actúe de mediador cos afectados.
- Desbloqueamos 28 convenios de 2015 que estaban paralizados, con entidades como o Fondo Galego de Cooperación, a Fundación Down Compostela, Cáritas ou a Fundación Secretariado Xitano.
- Por primeira vez, organizamos un acto institucional no día do Orgullo LGTBI, colocando a bandeira multicolor no Pazo de Raxoi atendendo a unha petición que nunca tiña sido atendido.
- Ampliamos nun 30 por cento a partida para bolsas de comedor, dándolle cobertura a todas as familias que reúnen os requisitos mínimos da convocatoria.
- Axilizamos a proposta de Proxecto Home para a creación dun albergue na súa antiga sede de Virxe da Cerca.

## **ÁREA DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA\_Manuel Dios**

- Démoslle un novo pulo ao departamento de Educación do Concello, reforzándoo cun novo técnico e cun novo administrativo.
- Por primeira vez en moitos anos logramos rematar as obras dos colexios en tempo e forma, antes de que comezasen as clases. Cun investimento de máis de 200.000 euros, nos traballos estiveron implicados os directores dos centros educativos.
- Desenvolvimos o Programa de Conciliación de Verán, con novas actividades e con comedor escolar funcionando en dous centros, As Fontiñas e Raña Fabiola.
- Fixemos partícipes ás ANPAS das nosas decisións, incorporando as súas peticións ao novo prego de contratación dos comedores escolares, que empezaron a funcionar con normalidade ao comezo do curso.
- Organizamos por vez primeira un acto inaugural do curso en Infantil e Primaria.
- Celebramos unha primeira homenaxe ao profesores xubilados no Pazo de Raxoi, para recoñecer o seu traballo no ensino público.
- Adherímonos á Conferencia de Alcaldes pola Paz.

## **ÁREA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO\_Marta Lois**

- Comezamos o traballo para levar a cabo unha diagnose sobre as desigualdades de xénero na cidade, que servirá de base para o futuro Plan de Igualdade de Compostela.
- Deseñamos unha campaña global e transversal en materia de violencia de xénero que se desenvolverá en torno ao 25 de novembro.
- Demos os primeiros pasos de cara á creación dun Observatorio de Igualdade de Compostela.
- Reunímonos con distintas entidades para analizar a situación actual do turismo, co obxectivo de definir un novo modelo turístico para a cidade que permita acadar a súa desestacionalización.
- Interlocución con Turismo de Galicia para falar dos futuros usos e do paisaxismo do Monte do Gozo.
- Publicamos a Guía comercial do barrio de Conxo
- Lanzamos novas convocatorias dirixidas aos comercios do ámbito do Urbana Norte para a mellora de investimentos e a achega para gastos correntes.
- Planificamos as accións formativas do último trimestre do ano.

- Convocamos a Mesa polo Emprego, na que participan sindicatos, empresarios ou a Universidade, para trazar as liñas do que será o Plan de Emprego Municipal do Concello, participado por estes entes e que estará rematado cara a finais de ano.
- Puxemos en marcha o plan “Compostela Móvese” que entre outras medidas inclúe unha liña de axudas ás novas empresas e ás novas iniciativas de autoemprego, cun orzamento total de 100.000 euros.
- Desenvolvimos o programa integrado “Santiago Emprego IV”, con Itinerarios Personalizados de Inserción para 60 persoas desempregadas.

### **ÁREA DE MEDIO RURAL\_Rafael Peña**

- Construimos o departamento, dotándoo de persoal propio (un administrativo e un enxeñeiro de camiños) que permita a elaboración de proxectos para o medio rural do Concello. Anteriormente, o departamento non dispoñía de orzamento propio, de xeito que só funcionaba como lugar de recepción de queixas veciñais.
- Aprobamos os proxectos incluídos no Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña para o ano 2015. O POS suporá un investimento aproximado de 700.000 euros, que se destinará á reparación de pavimentos
- Desbloqueamos unha partida de 150.000 euros para eliminar as fochancas que supoñen un perigo para a seguridade viaria en todo o termo municipal. A brigada de vías e obras procedeu á sinalización de todos os puntos que precisan ser reparados, e os traballos comezarán o 21 de setembro
- Desbrozamos os campos da festa cos 21.000 euros que o goberno do PP non investiu do contrato anterior, e que deste xeito quedou esgotado
- Para afrontar a falta de partidas para desbroces, desbloqueamos outra partida de 72.000 euros que permitirá limpar 400 km lineais en todas as parroquias do Concello. O proxecto foi aprobado en Xunta de Goberno, e os traballos comezarán na primeira semana de outubro
- Empezamos a traballar nos proxectos que se van presentar para o POS-2016 da Deputación da Coruña. Tamén houbo reunións co deputado provincial responsable de Vías e Obras para buscar fórmulas para o mantemento e reparación da rede viaria do Concello

### **ÁREA DE DEPORTES, MOCIDADE E BENESTAR ANIMAL\_Noa Morales**

- Desbloqueamos as obras do Campo de Fútbol de Conxo, proxecto que non tiña completado o proceso de licitación.
- Retomamos os proxectos do campo de Marrozos e das reformas no estadio de San Lázaro, que estaban paralizados.
- Iniciamos os trámites para a compra de material deportivo, e poder substituír aquel que estaba en peores condicións
- Realizamos un informe e auditoría sobre a situación e deficiencias das instalacións

deportivas da cidade, o primeiro estudo deste tipo que se fai desde hai moitos anos.

- Recibimos a todos os clubs e asociacións deportivas da cidade que o solicitaron, para testar necesidades e deficiencias
- Visibilizamos o noso apoio ao deporte feminino coa designación da futbolista Vero Boquete como pregoeira das festas do Apóstolo e co noso respaldo á Escola de Tecnificación que leva o seu nome.
- Reformulamos as actividades do departamento de Mocidade, co obxectivo de que vaian máis alá do mecer e inclúan tamén contidos formativos e relacionados coa inserción laboral.
- Revisamos o regulamento do Consello Municipal da Mocidade, para reactivar este órgano despois de catro anos sen ser convocado.
- Iniciamos a elaboración dunha ordenanza de protección animal en coordinación co concello da Coruña e doutros concellos galegos.
- Establecemos como criterio a non programación de circos con animais da cidade, e o non financiamento de eventos como as touradas con cartos públicos.
- Demos os primeiros pasos para a elaboración dun protocolo de atención ás colonias de felinos e demais fauna urbana.
- Elaboramos unha campaña de Nadal contra a compra irresponsable de mascotas nesas datas.